

ridades marítimas sobre depósito, manipulación, carga, estiba, desestiba, transporte ou mantemento de materias explosivas ou perigosas a bordo dos buques.

4. De conformidade co previsto no artigo 116.2.e) da LPEMM, constitúe infracción administrativa moi grave contratar ou permitir exercer-las funcións de capitán, patrón ou oficial encargado da garda durante a navegación a quen non se atopa en posesión de titulación suficiente que legalmente o habilite para iso, así como exercer sen a referida titulación tales funcións agás no caso das embarcacións de recreo.

5. De conformidade co previsto no artigo 116.2.f) da LPEMM, constitúe infracción administrativa moi grave a falta de coñecemento ou cumprimento por parte dos membros da tripulación dos buques españois de pasaxe, das súas obrigas e funcións atribuídas no correspondente cadro de obrigas e consignas para casos de emerxencia, aprobado pola Administración de acordo coas normas aplicables.

6. De conformidade co previsto no artigo 116.2.g) da LPEMM, constitúe infracción administrativa moi grave o incumprimento das normas ou resolucións da Administración en materia de tripulacións mínimas de seguridade ás que se refire o artigo 77 da LPEMM.

7. De conformidade co previsto no artigo 116.2.h) da LPEMM, constitúe infracción administrativa moi grave ocasionar accidentes ou verse implicado neles, sempre que resulte acreditado que tales accidentes foron debidos, en todo ou en parte, a incumprimentos das obrigas previstas neste regulamento.

8. De conformidade co previsto no artigo 116.3.a) da LPEMM, constitúe infracción administrativa moi grave a navegación sen sistemas de sinalización regulamentariamente establecidos que permitan a localización e visualización permanente do buque.

9. De conformidade co previsto no artigo 116.3.b) da LPEMM, constitúe infracción administrativa moi grave a navegación cos certificados, enumerados neste regulamento ou na súa normativa de desenvolvemento, caducados.

10. De conformidade co previsto no artigo 116.3.h) da LPEMM, constitúe infracción administrativa moi grave o falseamento polos capitáns ou patróns dos buques dos datos notificados á Administración marítima relativos ás avarías, accidentes de consideración, defectos que se descubran e prácticas de reparación dos buques e dos seus equipos e elementos, sempre que poidan afectar á seguridade marítima ou poñer en perigo a integridade do medio mariño.

### CAPÍTULO III

#### Sancións e medidas e accesorias

##### Artigo 53. *Sancións.*

As infraccións previstas neste regulamento e na súa normativa de desenvolvemento serán sancionadas coas multas e, se é o caso, sancións accesorias previstas no artigo 120 da LPEMM.

##### Artigo 54. *Medidas non sancionadoras.*

As infraccións darán lugar, ademais da imposición da sanción pertinente, á adopción, cando proceda, das medidas previstas no artigo 121 da LPEMM.

##### Artigo 55. *Indemnización por danos e perdas.*

Cando non for posible a restitución das cousas ou a súa reposición ó estado anterior e, en todo caso, cando

se produciren danos e perdas, os responsables da infracción deberán aboa-las indemnizacións que procedan, segundo os criterios enunciados no artigo 124 da LPEMM.

## MINISTERIO DA PRESIDENCIA

**21830** *REAL DECRETO 1949/2000, do 1 de decembro, polo que se modifica o Regulamento de asistencia xurídica gratuíta.* («BOE» 289, do 2-12-2000, e «BOE» 306, do 22-12-2000.)

A Lei 1/1996, do 10 de xaneiro, de asistencia xurídica gratuíta, e o seu Regulamento de desenvolvemento, aprobado polo Real decreto 2103/1996, do 20 de setembro, operaron unha profunda reforma no sistema de recoñecemento do dereito á asistencia xurídica gratuíta, así como no funcionamento dos servicios colexiais de avogados e procuradores encargados da súa prestación.

A día de hoxe pode afirmarse, con carácter xeral, que os aspectos básicos da citada reforma están plenamente consolidados, o que permite introducir modificacións que comportarán unha mellora na calidade dos servicios que os colexios e os profesionais prestan a quen carece de recursos económicos suficientes para litigar.

Así, modifícase por un lado a periodicidade coa que o Ministerio de Xustiza realiza os pagamentos necesarios para retribuí-los avogados e os procuradores polas actuacións realizadas. Ata agora tales pagamentos viñéronse efectuando con carácter semestral, o que supón que, pola propia mecánica de aplicación desta subvención, pode transcorrer excesivo tempo desde que o profesional realiza unha actuación ata que percibe de forma efectiva a retribución correspondente. Por iso, modificando os artigos do Regulamento de asistencia xurídica gratuíta que fan mención a este aspecto, resulta apropiado introducir unha periodicidade trimestral, posibilitando así unha maior continuidade no funcionamento do sistema e unha mellora na prestación dos servicios.

Por outro lado, substitúese o anexo II do citado regulamento (módulos e bases de compensación económica) por unha nova versión, na que destaca, por unha parte, a actualización das contías retributivas asignadas a determinados procedementos tramitados polos avogados, o baremo dos cales se encontraba desfasado, e, por outra, a inclusión de novos conceptos, como consecuencia de circunstancias sobrevidas [en especial, a aprobación da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España, que esixe a introducción do concepto «vía administrativa previa (estranxeiría e asilo)», como actuación profesional retribuída pola Administración]. No que respecta ás actuacións realizadas polos procuradores, por primeira vez se modulan estas asignando retribucións en función da súa complexidade.

Finalmente, engádense no anexo III do regulamento (momento do dereito á percepción da indemnización) as necesarias especificacións derivadas da introducción dos novos conceptos.

Sobre este real decreto emitiron informe o Consello Xeral do Poder Xudicial e mailos Consellos Xerais da Avogacía Española e dos Colexios de Procuradores dos Tribunais de España.

Na súa virtude, por proposta dos ministros de Xustiza, do Interior e de Facenda, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros, na súa reunión do día 1 de decembro de 2000,

## DISPÓN O:

**Artigo primeiro.**

Os artigos do Regulamento de asistencia xurídica gratuíta, aprobado polo Real decreto 2103/1996, do 20 de setembro, que a seguir se indican, quedarán redactados do seguinte modo:

«Artigo 28. *Subvención.*

1. O Ministerio de Xustiza subvencionará, con cargo ás súas dotacións orzamentarias, a implantación e prestación dos servizos de asistencia xurídica gratuíta polos Colexios de Avogados e de Procuradores.

O importe da subvención aplicarase fundamentalmente a retribuí-las actuacións profesionais previstas nos números 1 a 3 do artigo 6 da Lei de asistencia xurídica gratuíta, sempre que teñan por destinatarios persoas que obtivesen o recoñecemento do dereito á asistencia xurídica gratuíta.

2. Os libramentos das subvencións efectuaranse trimestralmente.»

«Artigo 30. *Xestión colexial da subvención.*

1. Os Consellos Xerais da Avogacía Española e dos Colexios de Procuradores dos Tribunais de España distribuirán entre os seus respectivos colexios o importe da subvención que corresponda a cada un, en función do número de actuacións profesionais realizadas e acreditadas por estes ante os citados Consellos Xerais, durante o trimestre inmediatamente anterior ó de cada libramento, e dos baremos establecidos de conformidade co previsto no artigo 31 do presente regulamento.

2. O Consellos Xerais e os Colexios, en canto entidades colaboradoras para a xestión da subvención, estarán suxeitos ás regras e obrigas establecidas para os citados suxeitos pola Lei xeral orzamentaria.»

«Artigo 32. *Dereito á percepción da indemnización.*

1. Os avogados e procuradores designados de oficio adquirirán o dereito á indemnización correspondente á súa actuación nas porcentaxes establecidas no anexo III deste regulamento, unha vez que acrediten documentalmente ante o seu respectivo colexio a intervención profesional realizada. En supostos excepcionais debidamente xustificadas, os decanos de cada colexio poderán dar por finalizada unha actuación ou asunto, para os sós efectos do dereito á percepción da retribución.

2. Cando se trate do servizo de asistencia letrada ó detido, obterase o dereito á percepción unha vez finalizada a intervención profesional, ben mediante a participación nunha quenda de garda ou ben mediante a realización da asistencia individualizada naqueles colexios nos que, excepcionalmente, non estea implantado o sistema de gardas.

Neste último caso, a retribución diaria de cada letrado por asistencias, sexa cal for o número das realizadas, non poderá exceder do dobre da cantidade asignada, tamén por día, a cada letrado que forme parte da quenda de garda nos colexios que si o teñan establecido.

3. As actuacións dun procedemento penal posteriores á primeira declaración do detido ou preso consideraranse incluídas na defensa por quenda de oficio, para os efectos do dereito á percepción da subvención.

4. En tódolos casos, a documentación acreditativa da actuación profesional realizada debe ser

presentada no colexio dentro do prazo máximo dun mes natural contado a partir da data da devandita realización.»

«Artigo 34. *Procedemento de aplicación da subvención.*

1. Dentro do mes natural seguinte ó da finalización de cada trimestre, o Consello Xeral da Avogacía Española e o Consello Xeral dos Colexios de Procuradores dos Tribunais de España remitirán ó Ministerio de Xustiza unha certificación que conteña os datos relativos ó número e clase de actuacións realizadas por cada colexio ó longo do trimestre anterior, xunto coa xustificación do custo económico total asociado a eles.

2. En función das devanditas certificacións, o Ministerio de Xustiza efectuará a continuación os libramentos trimestrais que corresponda, sen prexuízo das posteriores regularizacións que procedan unha vez completada na súa totalidade a xustificación anual regulada nos artigos seguintes.»

**Artigo segundo.**

O anexo II (módulos e bases de compensación económica) do Regulamento de asistencia xurídica gratuíta, aprobado polo Real decreto 2103/1996, do 20 de setembro, queda substituído polo que figura a seguir:

## «ANEXO II

**Módulos e bases de compensación económica**

Pesetas

AVOGADOS	
<i>Asistencia ó detido ou preso</i>	
Asistencia ordinaria ó detido .....	10.000
Servicio de garda de asistencia .....	19.000
<i>Xurisdicción penal</i>	
Procedementos con tribunal do xurado.	50.000
Procedemento penal de especial complexidade .....	50.000
Por cada mil folios .....	3.000
A partir de cinco comparecencias ante o xulgado, por cada cinco comparecencias .....	3.000
A partir de dous días de vista, por cada día .....	9.000
Procedemento penal xeral .....	45.000
Procedemento abreviado .....	30.000
Menores .....	21.000
Expedientes de vixilancia penitenciaria ..	19.000
Xuízo de faltas .....	10.000
Procedemento abreviado con desprazamento para a asistencia ó xuízo oral.	34.000
Saída a centros de prisión:	
Se distan menos de 25 quilómetros da residencia do letrado .....	2.000
Se distan máis de 25 quilómetros da residencia do letrado .....	5.000
<i>Xurisdicción civil</i>	
Maior contía .....	40.000
Resto de procedementos contenciosos ..	24.000
Procedemento completo de familia (incluída nulidade) .....	32.000

	Pesetas
Mutuo acordo .....	19.000
Medidas provisionais .....	10.000
<i>Xurisdicción contencioso-administrativa</i>	
Vía administrativa previa (estranxeiría e asilo) .....	12.000
Recurso contencioso-administrativo .....	33.000
<i>Xurisdicción social</i>	
Procedemento íntegro .....	22.000
Recurso de suplicación .....	12.000
<i>Xurisdicción militar</i>	
Fase sumarial .....	10.000
Fase xuízo oral .....	20.000
<i>Recurso de casación</i>	
Recurso de casación .....	38.000
Recurso de casación cando non se formaliza e hai só anuncio .....	4.000
<i>Recurso de amparo</i>	
Recurso de amparo .....	38.000
<i>Recurso de apelación</i>	
Recurso de apelación .....	17.000
<i>Normas xerais</i>	
Transaccións extraxudiciais: 75 por 100 da contía aplicable ó procedemento. Informe motivado da insostibilidade da pretensión .....	5.000
PROCURADORES	
<i>Xurisdicción penal</i>	
Tódolos procedementos .....	3.000
Apelacións .....	3.500
<i>Xurisdicción civil</i>	
Tódolos procedementos .....	4.000
Apelacións .....	3.500»

### Artigo terceiro.

Engádense dous números ó anexo III do Regulamento de asistencia xurídica gratuíta (momento do dereito á percepción da indemnización), coa seguinte redacción:

«4. Nas saídas a centros de prisión, adquirírase o dereito a percibir a totalidade da indemnización á presentación de certificación expedida polo centro penitenciario, acreditativa da actuación realizada.

5. Na vía administrativa previa (estranxeiría e asilo), adquirírase o dereito a percibir a totalidade da indemnización á presentación de copia da resolución ou acto administrativo que supoña a finalización do procedemento.»

**Disposición adicional primeira.** *Efectividade das medidas.*

As medidas recollidas neste real decreto serán aplicables a partir da finalización do primeiro semestre do ano 2000, momento desde o cal os Consellos Xerais presentarán as certificacións previstas no artigo 34 do Regulamento de asistencia xurídica gratuíta con carácter

trimestral e aplicando os novos baremos de retribución recollidos no anexo II.

**Disposición adicional segunda.** *Ámbito de aplicación.*

O disposto neste real decreto será de aplicación no ámbito de xestión do Ministerio de Xustiza.

**Disposición derradeira primeira.** *Medidas de aplicación.*

Autorízase o ministro de Xustiza para dictar, no ámbito das súas competencias, as disposicións necesarias para a aplicación deste real decreto.

**Disposición derradeira segunda.** *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 1 de decembro de 2000.

JUAN CARLOS R.

O vicepresidente primeiro do Goberno  
e ministro da Presidencia,  
MARIANO RAJOY BREY

(Este real decreto inclúese tendo en conta a corrección de erros publicada no «Boletín Oficial del Estado» número 306, de data 22 de decembro de 2000.)

## MINISTERIO DE CIENCIA E TECNOLOXÍA

**21838** *REAL DECRETO 1890/2000, do 20 de novembro, polo que se aproba o regulamento que establece o procedemento para a avaliación da conformidade dos aparellos de telecomunicacións.* («BOE» 289, do 2-12-2000.)

O artigo 56 da Lei 11/1998, do 24 de abril, xeral de telecomunicacións, indica que, regulamentariamente, se establecerá o procedemento para a avaliación da conformidade dos equipos e aparellos coa normativa aplicable, tomando en conta as diferentes formas de obtención do certificado de aceptación e os distintos métodos de avaliación para o seu outorgamento, así como o modo en que deban realizarse os ensaios para a súa verificación.

Por outra parte, a aprobación no ámbito da Unión Europea da Directiva 1999/5/CE, do 9 de marzo, sobre equipos radioeléctricos e equipos terminais de telecomunicación e recoñecemento mutuo da súa conformidade, supuxo unha fonda modificación do réxime harmonizado de avaliación da conformidade dos aparellos de telecomunicacións, que permite a súa libre circulación nos estados membros.

A necesidade de adapta-las disposicións regulamentarias vixentes, basicamente constituídas polo Regulamento polo que se establece o procedemento de certificación dos equipos de telecomunicación ós que se refire a Lei 31/1987, do 18 de decembro, de ordenación das telecomunicacións, aprobado polo Real decreto 1787/1996, do 19 de xullo, á Lei xeral de telecomunicacións e de traspas ó ordenamento español a nova directiva reguladora da materia, determinan a conveniencia de aprobar este real decreto.